

O CESGA DESENVOLVE UN ENTORNO VIRTUAL PARA QUE PAIS E NAIS POIDAN DAR AOS SEUS FILLOS/AS A ORIENTACIÓN PROFESIONAL APROPIADA

- **Esta ferramenta forma parte do proxecto europeo PARENTS, no que están involucradas sete institucións procedentes de seis países europeos**

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2008.- O proxecto europeo PARENTS aborda o problema da formación dos pais e nais de adolescentes á hora de orientar aos seus fillos nos seus estudos ou opcións laborais futuras. Os estudos demostran que pais e nais xogan un papel crucial na planificación das carreiras profesionais dos seus fillos. Investigacións nesta materia véñense realizando en USA e Canadá dende hai 10 anos, pero en Europa esta é unha temática por explorar.

Este proxecto europeo, no que participa o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), intenta experimentar un modelo de formación, orientación e aprendizaxe facendo uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, non só para proporcionar apoio para o desenvolvemento de competencias e habilidades entre os pais e nais, senón para reforzar o papel da formación entre iguais na educación de pais (pais e nais compartindo e aprendendo nunha comunidade de aprendizaxe con obxectivos comúns).

O proxecto englobase dentro da iniciativa de Aprendizaxe Permanente da Comisión Europea (Programa Long Life Learning – Grundtvig), e nel participan 7 institucións europeas, entre as que se atopa o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). O coordinador do proxecto PARENTS é a institución de educación superior de Lodz -Polonia- Academy of Management (SWSPiZ).

O Cesga, como socio tecnolóxico do proxecto, está a desenvolver un entorno virtual baseado na plataforma de software libre Joomla, a través do que pais e nais de seis países europeos (España, Polonia, Romanía, Italia, Eslovaquia e Austria) poderán intercambiar ideas e información á hora de orientar aos seus fillos/as tanto na elección de estudos como de cara á incorporación ao mercado laboral.

Este entorno virtual dispoñible nalgúns dos idiomas dos países que participan no proxecto (Español, Polaco, Rumano, Italiano, Eslovaco e Austríaco), conta con ferramentas propias do labor orientador: ferramentas de información, ferramentas de comunicación asíncrona, exercizos de autoestudo, exemplos de boas prácticas, etc.

Pódese consultar máis información sobre o proxecto e o entorno virtual na páxina web oficial do proxecto <http://www.parents-project.eu> ou ben enviando un correo electrónico a e-learning@cesga.es

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA